

Ao Presidente da Corporación Municipal do Concello de Chantada.

Recurso potestativo de reposición de *Por Chantada-CUP* ao SC 5/2019, con cargo ao remanente de tesouraría para gastos de exercicios fechados, por importe de 80.718.97€ e aos actos que o conforman por consideralos nulos de pleno dereito.



Antom Fente Parada, viciño, concelleiro e voceiro do Grupo Municipal Por Chantada-CUP, con DI 33546652W e enderezo a efectos de notificación en cupchantada@gmail.com; interpoño **recurso potestativo de reposición** contra o acordo plenario do día 28/11/2019, polo que se aprobou definitivamente o Suplemento de crédito 5/2019, con cargo ao RTGX de exercicios fechados e por importe de 80.718,97€, ao considerar que contén vicios legais e concorre a nulidade de pleno dereito.

O SC 5/2019 foi aprobado cos votos favorábeis do PP (6) e os votos contrarios de Por Chantada (2) e do PSOE (3), desestimándose a reclamación no trámite de exposición apresentada polo noso grupo municipal sen contestar a ningunha das cuestións formuladas na mesma (ANEXO I). O acordo da aprobación definitiva publicouse no BOP nº 274 da sexta feira 29 de novembro.

I.- Antecedentes.

- Obras desenvolvidas en maio de 2015, por importe de 630.486.98€, sen crédito orzamentar e suficiente dando lugar á nulidade de pleno dereito das mesmas e aos **informes de secretaría de 29 de xaneiro de 2016 e do Consello Consultivo da Galiza de 09/11/2016** ¹. Naquel entón, a insuficiencia de crédito conduciu a que o propio concello, previas reclamacións da oposición, recoñecera a irregularidade e que o acto era nulo de pleno dereito.

- **Obras desenvolvidas nos meses de abril e maio de 2019**, moitas durante a campaña electoral e coa finalidade de incidir na mesma, sen crédito suficiente nen axeitado e sen seguir o disposto na LCSP e noutras disposicións de aplicación para o contrato menor.

- A **Fiscalización de Intervención 84/2019 de 24 de setembro** conclúe que «a modificación formulada pode producir un incumprimento do plan económico-financeiro e incumprimento da estabilidade orzamentaria e da regra de gasto. Ademais cabe sinalar que **os gastos propostos realizáronse sen crédito adecuado e suficiente.**»

- **Acordo plenario de 3/10/2019** (ponto 2º da orde do día) de aprobación inicial da *Modificación de crédito 43/2019* baixo a modalidade de *suplemento de crédito 5/2019* con cargo ao remanente de tesouraría para gastos de exercicios fechados, por importe de 80.719.97 (Expediente G. 1021/2019). O grupo municipal Por Chantada-CUP votou en contra e solicitou votación nominal que foi denegada.

- **Publicación do acordo de aprobación inicial no BOP nº 246** do sábado 26 de outubro de 2019.

- **Reclamación en trámite de exposicións pública de Por Chantada-Candidatura de Unidade Popular á Modificación de créditos 43/2019** baixo a modalidade de *Suplemento de créditos 5/2019* con cargo ao remanente de tesouraría para gastos de exercicios fechados, por importe de 80.719,97€, rexistrada electrónicamente o 28 de outubro de 2019.

- **Acordo plenario de 28 de novembro de 2019**, posicionándose o grupo municipal en contra e entendendo que nada no exposto na reclamación foi contestado nen atendido.

¹ <https://porchantada.files.wordpress.com/2016/12/ditame-consello-consultivo.pdf>

II.- Lexitimación.

Quen subscribe o recurso, así como o grupo municipal Por Chantada-CUP do que forma parte, votaron en contra tanto na aprobación provisoria canto na aprobación definitiva, ao entender que existían irregularidades manifestas, a saber: contratación de obras en período electoral sen crédito axeitado e suficiente, incumprindo a LCSP e outra lexislación de aplicación.

A lexitimación interponse en canto interesado na resolución e no acto administrativo, segundo o concepto do **artigo 4 da LPACAP** e na defensa dos intereses colectivos do conxunto da cidadanía de Chantada. Neste sentido, non só quen subscrebe, mais o grupo municipal Por Chantada-CUP, en canto organización representativa de intereses económicos e sociais, é titular de intereses lexítimos colectivos dada a relación de fideicomiso entre representantes e representados expresada democraticamente nas urnas en maio de 2019.

Así o recolle a xurisprudencia, como non podía ser de outro xeito atendendo á *Constitución* española, por exemplo, a **sentenza do Tribunal Constitucional 173/2004, de 18 de outubro**, recoñece ao concelleiro, pola súa condición de membro do Concello «non de órgano do mesmo», lexitimación para impugnar a actuación da corporación local á que pertence fundamentándoo no interese concreto que ostenta no correcto funcionamento da mesma. Este interese do concelleiro deriva do seu mandato representativo obtido mediante a correspondente elección artellada através do sufraxio universal, libre, igual, directo e segregado.

Na davandita sentenza do TC, este outorga amparo ao concelleiro dun Concello que impugnou resolución do seu alcalde, pola que acorda nomear, como funcionario interino, a unha determinada persoa. O TC, en base á existencia dunha lexitimación *ex lege* «que convén concretamente, por razón do mandato representativo dos eleitores, aos membros electivos das correspondentes corporacións locais para poder impugnar os actos ou actuacións destas que contradigan o ordenamento xurídico. Non se trata dunha lexitimación baseada nun interese abstracto na legalidade, senón dunha lexitimación directamente derivada da condición de representante popular que ostentas, en canto agora importa, os concelleiros dun concello e que se traduce nun interese concreto –até pode falarse dunha obriga– de controlar o seu concreto funcionamento, como único medio, por súa vez, de conseguir a satisfacción das necesidades e aspiracións da comunidade viciñal que, como primeira competencia, asigna aos municipios o artigo 25.1 da mencionada *Lei reguladora das bases do réxime local*». Eis, como o TC entende que este

título lexitimador do concelleiro, como representante popular, é independente do derivado do réxime xeral «e, portanto, non suxeito á existencia dun interese caracterizado como unha relación material unívoca entre o suxeito e o obxecto da pretensión da que resulta para aquel unha vantaxe ou utilidade xurídica en sentido amplo» e, dado o exposto, encaixa ás claras nunha interpretación conxunta dos **artigos 20a) da LXCA e 63.1b) da LBRL**.

Desta arte, a sentenza do TC, supuxo unha modificación importante na forma de entender a lexitimación activa dos integrantes de pleno dereito das corporacións locais, que transcende a xurisprudencia anterior que entendía que só podían impugnar os actos e acordos procedentes dos órganos colexiados do que formasen parte e sempre que tivesen votado en contra dos mesmos (circunstancias que igualmente concorren neste caso). A sentenza, pois, permite que as concelleiras e concelleiros impugnen tamén os acordos procedentes de órganos unipersoais ou de órganos colexiados dos que non son membros.

Dado o exposto, e por se aínda existisen dúbidas sobre a lexitimación –en base a recorrentes fundamentacións erradas que se teñen feito no tocante á lexitimación por parte do Concello–, lémbrese que o acordo obxecto de recurso foi acadado na sesión ordinaria do Pleno celebrada o 28 de novembro de 2019 co voto en contra do recorrente e da súa compañeira de grupo municipal, Cruz Fernández Rodríguez. Neste caso, a lexitimación activa fundaméntase no disposto no artigo 20a) da LXCA ligándoo co artigo 63.1b) da LBRL.

Ademais, cabe ter en conta que a persoa que interpón este recurso é veciña do Concello de Chantada, polo que, de acordo co disposto no artigo 170.1.a), está lexitimada para a interposición de reclamacións contra o orzamento.

III.- Prazo de interposición do recurso de reposición.

O artigo 124.1 da *Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas* define o prazo para a interposición do recurso de reposición co seguinte teor literal:

O prazo para a interposición do recurso de reposición será dun mes, se o acto for expreso. Transcorrido este prazo, unicamente se poderá interpor recurso contencioso-administrativo, sen prexuízo, se for o caso, da procedencia do recurso extraordinario de revisión.

Se o acto non for expreso, o solicitante e outros posibles interesados poderán interpor recurso de reposición en calquera momento a partir do día seguinte a aquel en que, de acordo coa súa normativa específica, se produza o acto presunto.

No presente caso, perante a falla de notificación do acordo acadado, o prazo para exercer a acción comeza a computarse nos termos previstos no **artigo 211.3 do ROF**, é dicir, desde a data de celebración da sesión en que se adoptou o acordo obxecto de impugnación sen que, daquela, sexa necesaria a notificación individual do acordo adoptado a aqueles concelleiros e concelleiras que votaron en contra. Neste sentido, podemos lembrar as sentenzas do Tribunal Supremo de 1 e 16 de decembro de 2003 e a de 20 de xuño de 2006, que recollen a doutrina xurisprudencial que, de forma reiterada, se vén mantendo sobre esta cuestión.

IV.- Obxecto do recurso.

O **artigo 123.1 da Lei 39/2015** define o obxecto do recurso de reposición co seguinte teor:

Os actos administrativos que poñan fin á vía administrativa poderán ser impugnados potestativamente en reposición ante o mesmo órgano que os ditou ou ser impugnados directamente ante a orde xurisdiccional contencioso-administrativa.

Daquela, poñen fin á vía administrativa, segundo o previsto no **artigo 114.1c)** da devandita lei as resolucións dos órganos administrativos que careza de superior xerárquico, como é o presente caso, agás que unha Lei estableza o contrario e, en todo caso, de acordo co previsto no **artigo 52.2 da LRBRL** as resolucións formuladas polo pleno municipal.

V.- Fundamentos de dereito e causa de invalidez do acordo acadado.

Esta reclamación contra o orzamento fundaméntase na lexitimación activa recoñecida no **artigo 170.2.a) TRLRFL**, dado que a súa elaboración e aprobación non se axustou aos trámites previstos na lei, infrinxindo o disposto no seu **art. 173, ut infra, e 170.2.b)**, pois o acto contra o que se recorre vén dado «por omitir o crédito necesario para o cumprimento das obrigas exixíbeis á

entidade local». O criterio é partillado en grande medida pola propia Intervención municipal, habida conta da súa *Fiscalización de Intervención 84/2019, de 24 de setembro*.

En todo caso, achamos inadmisíbel que non se contemple na contestación á nosa reclamación a **vulneración do artigo 173** da devandita norma. (“Exibilidade das obrigas, prerrogativas e limitacións dos compromisos de gasto”:

5.- Non poderán adquirirse compromisos de gastos por contía superior ao importe dos créditos autorizados nos estados de gastos, sendo nulos de pleno dereito os acordos, resolucións e actos administrativos que infrinxan a expresada norma, sen prexuízo das responsabilidades a que haxa lugar.

Así as cousas, desde a alcaldía adquiríronse compromisos de gastos por valor de 80.718,97€ con destino maioritariamente a obras desenvolvidas inmediatamente antes ou durante a campaña electoral, contravindo tamén a **LCSP** no tocante aos contratos menores. A contravención do artigo 173 fica patente, xa que, asumíronse obrigas sen crédito para o feito, como demostra a necesidade de recoñecelas a posteriori. Cando se dá algunha das anteriores causas o vicio non pode subsanarse e non é posíbel validar o acto por parte de calquera órgano.

En consecuencia, aínda que o *RD 500/1990, de 20 de abril* establece a posibilidade do recoñecemento extraxudicial de obrigas que se poderán imputar ao orzamento en vigor, **na relación de facturas que motiva o acordo impugnado inclúense gastos sen consignación orzamentar** e con fundamento no previsto no **artigo 47.1.g) da Lei 39/2015**, isto é, por tratarse dun **suposto de nulidade expresamente establecido nunha disposición con rango legal (artigo 173.5 do TRLRFL), solicítase a anulación do acordo de aprobación definitiva do expediente baseado na nulidade de pleno dereito dos actos administrativos que supuxeron a adquisición de compromisos de gastos por contía superior ao importe de créditos autorizados no estado de gastos.**

A razón pola que, de calquera forma, se tramitou o expediente é a necesidade de evitar o enriquecemento inxusto da administración, como consecuencia da recepción dun servizo ou subministro efectivamente realizado a prezos de mercado, que non puido ser abonado como consecuencia dun mal funcionamento dos servizos municipais ou dunha actuación negligente dos responsábeis políticos.

Entón, o deficiente funcionamento identifícase na falla de previsión en materia de gasto e o abuso do contrato menor que trae como consecuencia que se produza un descontrol no gasto, xa que a fiscalización que podía realizar a Intervención municipal prodúcese *a posteriori*, é dicir, unha vez emitida esta e conformada, polo que a débeda do Concello co provedor xa naceu. Ao respecto, pode ser ilustrativo tamén cotexar isto co *Informe de control financeiro do exercicio 2018* que a Intervención municipal elevou ao Pleno do 28 de novembro de 2019.

Sexa como for, cómpre lembrar a *Instrución 2/2012 da Interventora xeral e Directora da avogacía sobre a tramitación de recoñecementos extraxudiciais*:

Ora, se se trata dun contrato adjudicado de forma verbal, contravindo a prohibición legalmente establecida no **artigo 28** do *Texto refundido da Lei de Contratos do Sector Público, aprobado por Real Decreto Legislativo 3/2011, de 14 de novembro* (doravante **TRLCSP**), ou sen seguir o procedemento legalmente establecido para proceder á contratación, incórrese en causa de nulidade de pleno dereito, e se a Administración advirte a presenza dunha causa de nulidade o que corresponde é a tramitación do procedemento de revisión de oficio contemplado no **artigo 102** da *Lei 20/1992, de 26 de novembro, do Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común* (doravante **LRXAP-PAC**), procedemento en cuxo marco se debe solicitar o ditame do Consello Consultivo.

A existencia dunha causa de nulidade fai que a vía axeitada sexa a tramitación do procedemento de revisión de oficio, con exclusión doutras que segundo as circunstancias poderían servir para fundamentar o pago da cantidade reclamada polo contratista a fin de evitar o enriquecemento inxusto da Administración, como, por exemplo, o recoñecemento dunha indemnización derivada da responsabilidade patrimonial da Administración, con suxeición á normativa específica contida no título X da LRXPAC, e a normativa que a desenvolve.

O carácter formal da contratación administrativa declárase no **artigo 28 do TRLCSP** e neste preceito establécese a prohibición da contratación verbal, agás que o contrato teña carácter de emerxencia, de conformidade co disposto no **artigo 113.1**. Por iso, **as contratacións que se desenvolvan fóra do marco legal establecido son nulas** e, portanto, non poden ser efectivas nen se pode abonar o contratista. Por maior abastanza, o **artigo 31** da devandita disposición legal establece que os contratos das AA.PP e os **contratos suxeitos a regulación harmonizada son inválidos cando o sexa algún dos seus actos preparatorios ou os de adjudicación**, polo feito que se dea algunha das causas de dereito administrativo ou de dereito civil.

Para alén do anterior, a execución dos traballos ou obras sen contratación formal ou abusando do contrato menor ao non aprobarse o gasto por ser insuficiente, inexistente neste caso, o crédito como demostra a modificación realizada *a posteriori* (**art. 111 e 138** do *Texto refundido da Lei de Contratos do Sector Público, aprobado por Real Decreto Legislativo 3/2001, do 14 de novembro*). No contrato menor de obras debe engadirse o orzamento das obras e o proxecto correspondente, cando normas específicas así o exixan. O conxunto de actuacións en fontes,

camiños viciñais etc. requiriría un procedemento aberto, coas formalidades de rigor: proxecto técnico, pregos de cláusulas administrativas e técnicas e procedemento licitatorio público para garantir os preceptos constitucionais.

O **artigo 86** da LCSP di no seu parágrafo 2º que «non poderá fraccionarse un contrato coa finalidade de diminuír a contía do mesmo e eludir así os requisitos de publicidade ou os relativos ao procedemento de adxudicación que correspondan» e, en todo caso, o fraccionamento do obxecto do contrato, mediante a división en lotes, exige a debida xustificación no expediente.

Canto á LCSP, concorre a causa de nulidade establecida no **artigo 32c) do TRLCSP**, concretamente:

c) Carencia ou insuficiencia de crédito, de conformidade co establecido na Lei 47/2003, do 26 de novembro, xeral orzamentar, ou nas normas orzamentares das restantes administracións públicas suxeitas a estas lei, agás os supostos de emerxencia.

Non se xustificou a emerxencia en ningún momento no expediente 1021/2019.

Asemade, o **artigo 39 do LCSP** establece que as causas de nulidade son as que indica o artigo 47 da *Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas*, así como «b) a carencia ou insuficiencia de crédito, de conformidade co establecido na Lei 47/2003, de 26 de novembro, Xeral Orzamentar, ou nas normas orzamentares das restantes Administracións Públicas suxeitas a esta Lei, agás nos supostos de emerxencia». De feito, a causa máis habitual de nulidade na contratación irregular é **prescindir total e absolutamente do procedemento establecido e a falla ou insuficiencia de crédito**. En todo caso, o que aquí convén resaltar é que **cando se produce algunhas das causas mencionadas, o vicio non pode solventarse e, portanto, non é posíbel validar o acto, nen por parte do órgano de contratación, nen por parte do Consello de Goberno ou calquera outro órgano**.

Polo exposto, en base ao artigo 47.1.e) da *Lei 39/2015*, isto é **por tratarse dun acto ditado prescindindo total e absolutamente do procedemento legalmente establecido, solicítase a anulación do acordo de aprobación, fundamentándonos na nulidade de pleno dereito dos actos administrativos que supuxeron a adquisición de compromisos de gastos**, isto é, os contratos menores con fraccionamento e que supoñen o incumprimento do procedemento legalmente aplicábel.

Para alén do xa referido, convén lembra aquí que os expedientes de recoñecemento extraxudicial de crédito ou os **suplementos de crédito derivados de contratacións viciadas de nulidade serán tramitados após o correspondente expediente de revisión de oficio de ditos contratos**. Sobre esta cuestión pode consultarse, por exemplo, a **Audiencia de Cuentas de Canarias na súa Consulta 5/2014**, pois non cabe convalidación algunha sen ese requirimento:

Resulta imprescindíbel que a declaración de nulidade se produza para poder recoñecer a débeda fóra da vía xudicial. En consecuencia, en casos de contratación con vicios de nulidade plena, é mester iniciar a tramitación dun procedemento de revisión de oficio e obter o ditame do Consello Consultivo para declarar a nulidade da contratación suscrita ilegalmente cunha empresa determinada, cuxo importe non foi aboado.

O recurso potestativo de reposición contéplase contra os actos que poñen fin á vía administrativa e como paso previo á contencioso-administrativa. O recurso fundaméntase nos **artigos 47 e 48 da LPACAP**. No artigo 47 recóllese que son nulos de pleno dereito os actos das AA.PP que «d) sexan constitutivos de infracción penal ou se diten como consecuencia desta» e «e) os ditados prescindindo total e absolutamente do procedemento legalmente establecido ou das normas que conteñen as regras esenciais para a formación dos órganos colexiados» e engade:

2.- Tamén serán nulas de pleno dereito as disposicións administrativas que vulneren a Constitución, as leis ou outras disposicións administrativas de rango superior, as que regulen materias reservadas á Lei, e as que establezan a retroactividade de disposicións sancionadoras non favorábeis ou restritivas de dereitos individuais.

De por parte, o **artigo 48** sinala que «son anulábeis os actos da Administración que incorran en calquera infracción do ordenamento xurídico, até a desviación de poder».

De acordo co **artigo 28.c da Lei 19/2013, de 9 de decembro**, trátase dunha infracción moi grave ao ordenar pagos e actuacións en campaña eleitoral, fraccionando actuacións (pistas, fontes etc.) a escasa distancia, e sen calquera partida orzamentar e, atendendo ao **artigo 30** da devandita Lei, traería consigo a destitución dos responsábeis e a inhabilitación para cargo público entre cinco e dez anos.

Para alén do referido, reafirmámonos nos restantes fundamentos de dereito recollidos na reclamación en trámite de exposición (ANEXO I). E, así as cousas, novamente **SOLICITO:**

A declaración de nulidade de pleno dereito do acordo (artigo 173.5 do TRLRFL e artigo 47 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas), **así como a revisión dos actos** (artigos 39.1, 41 e 42 da LCSP e no 47.1.e) da Lei 39/2015, de 1 de outubro), **declarando a súa nulidade dados os vicios non subsanábeis e elevando proposta, con resolución para a indemnización das empresas (descontado o beneficio industrial) ao Consello Consultivo da Galiza e ao Consello de Contas, para alén de dirimir as responsabilidades ás que haxa lugar** (artigo 36.2 da Lei 40/2015, de 1 de outubro do réxime xurídico das Administracións públicas, Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas ou o artigo 229 da Lei 5/1997, de 22 de xullo, reguladora da Administración Local da Galiza, en consonancia co artigo 78 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local).

SUPLICO:

Tendo presentado este escrito, sexa admitido a trámite e dea por interposto recurso de reposición contra o acordo de aprobación definitiva do Suplemento de crédito 5/2019 acadado na sesión plenaria do 28/11/2019 e solicitando que en base aos fundamentos de dereito anteriormente expostos se resolva anular o citado acordo por vulnerar o ordenamento xurídico vixente.



Chantada, 1 de decembro de 2019.

Antom Fente Parada, voceiro de **POR CHANTADA – CANDIDATURA DE UNIDADE POPULAR.**

ANEXO I:

AO PRESIDENTE DA CORPORACIÓN DE CHANTADA.

RECLAMACIÓN EN TRÁMITE DE EXPOSICIÓN PÚBLICA DE **POR CHANTADA - CANDIDATURA DE UNIDADE POPULAR Á MODIFICACIÓN DE CRÉDITOS 43/2019 BAIXO A MODALIDADE DE SUPLEMENTO DE CRÉDITO 05/2019 CON CARGO AO REMANENTE DE TESOURERÍA PARA GASTOS DE EXERCICIOS PECHADOS, POR IMPORTE DE 80.719,97 €**



Antom Fente Parada, viciño, concelleiro e voceiro do Grupo Municipal Por Chantada-CUP, con DI 33546652W e enderezo a efectos de notificación en cupchantada@gmail.com; en virtude do artigo 169 do *Texto Refundido da Lei 2/2004, do 5 de marzo, da Lei reguladora das facendas locais*, comparezo no trámite de información pública e audiencia da *Modificación de créditos 43/2019* baixo a modalidade de *suplemento de crédito 05/2019* con cargo ao remanente de tesourería para gastos de exercicios pechados, por importe de 80.719,97 €, aprobado na sesión ordinaria do 3 de outubro do 2019 do Pleno de Chantada cos únicos votos favorábeis do PP e o voto contrario do noso grupo, rexeitando a maioría a votación nominal solicitada por nós. O acordo foi publicado no *Boletín Oficial da Provincia de Lugo* (BOP Núm. 246 do sábado, 26 de outubro de 2019), presentándose a presente reclamación en tempo e forma, perante o alcalde do Concello de Chantada e como mellor proceda en dereito.

DIGO os seguintes FEITOS E FUNDAMENTOS DE DIREITO:

PRIMEIRO.- Con data de 3 de outubro de 2019, en sesión ordinaria do Pleno celebrada na vila de Chantada, cos votos favorábeis do grupo municipal PP (6) e os votos en contra dos grupos municipais Por Chantada-CUP e PSOE (6), decidindo o voto de calidade do alcalde, foi acadado acordo de aprobación inicial da *Modificación de créditos 43/2019* baixo a modalidade de *suplemento de crédito 05/2019* con cargo ao remanente de tesourería para gastos de exercicios pechados, por importe de 80.719,97€ (ponto 2º da orde do día).

Imputábanse no **Expediente G. 1021/2019** unha serie de **actuacións para as que non figuraba crédito**, tratándose da súa maioría de **obras e actuacións desenvolvidas en plena campaña electoral ou nas semanas previas**, mediante o **abuso da figura do contrato menor**. Entendemos que concorren, entón, causas para **declarar a nulidade de pleno dereito do acordo e comezar un expediente para dilucidar responsabilidades**.

SEGUNDO.- As facturas non se disponibilizaron no momento de convocar as comisións informativas previas ao Pleno, senón *a posteriori* polo que non se cumpre o disposto no ROF e concorre máis unha causa de nulidade de pleno dereito.

TERCEIRO.- A Fiscalización de Intervención 84/2019 de 24 de setembro conclúe que «a modificación formulada pode producir un incumprimento do plan económico-financeiro e incumprimento da estabilidade orzamentaria e da regra de gasto. Ademais cabe sinalar **cos gastos propostos realizáronse sen crédito adecuado e suficiente**.»

CUARTO.- O artigo 173 do *Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais (TRLRFL)* ten o seguinte teor: «**non poderán adquirirse compromisos de gastos por contía superior ao importe dos créditos autorizados nos estados de gastos, sendo nulos de pleno dereito os acordos, resolucións e actos administrativos que infrinxan a expresada norma, sen prexuízo das responsabilidades a que haxa lugar**». As consecuencias desta actuación encóntranse nas fontes do dereito administrativo e, principalmente, no TRLCSP².

² Por exemplo, o artigo 31 establece que os contratos das AA.PP. e os contratos suxeitos a regulación harmonizada son inválidos cando o sexa algún dos seus actos preparatorios ou de adxudicación, polo feito de que se dean algunhas das causas de dereito administrativo ou de dereito civil. De por parte, a *Lei 39/2015, de 1 de outubro, del*

Como consta en informe da secretaría municipal de 2/2/2016, asociado a outro expediente de natureza irregular no seu día declarado nulo de pleno dereito a instancias da oposición, hai irregularidade cando se asumen obrigas sen crédito o efecto.

QUINTO.- Moitas das actuacións englobadas no SC 5/2019, como xa foi indicado, son **actuacións desenvolvidas durante a campaña electoral ou nas semanas previas á mesma, polo tanto cun afán electoralista e contravindo as disposicións legais na materia**, a comezar polas disposicións da *Lei de Contratos do Sector Público* (LCSP). Na seguinte táboa resúmense, sen sermos exhaustivos, parte destas actuacións e as facturacións con diferentes empresas:

Suplemento de crédito 05/2019 (Expediente G. 1021/2019).		
80.719,97€ en obras sen crédito axeitado nen suficiente realizadas en campaña electoral (mediante abuso do contrato menor e incumprimento total da LCSP)		
Empresa	TOTAL €	Actuacións
Voces	15.321,02	5
José Blanco Gómez	3.267	4
Manuel González Asper	23.334,22	14
Excavaciones Voto SL	23.334,22	4
Recambios Casal	9,36	1
José Luís Fernández Rodríguez	13.144,23	3
Carpintería Líncora (José Luís Rodríguez Blanco)	4.038,98	1
Bricantel	4.455,83	1

Xa que logo, de acordo co **artigo 28.c da Lei 19/2019, de 9 de decembro**, trátase dunha **infracción moi grave** ao ordenar pagos e actuacións en campaña electoral, **fraccionando**

Procedemento Administrativo Común de las Administraciones Públicas dispón no seu artigo 47.e) que son nulos os actos ditados prescindindo total e absolutamente do procedemento legalmente establecido ou das normas que conteñen as regras esenciais para a formación da vontade dos órganos colexiados, así como os que contraveñen as leis (47.d e 47.g). O artigo 48 dispón que son anulábeis os actos da Administración que incorran en calquera infracción del ordenamento xurídico, até a desviación de poder.

Recóllese así o que establecía xa o o artigo 32 do TRLCSP, que as causas de nulidade son as que indica o artigo 62.1 da LRXAP-PAC, entre as que subliñamos a referida a prescindir total e absolutamente do procedemento establecido, a prohibición de contratar nos casos de insuficiencia de crédito en consonancia coa normativa orzamentar vixente aplicábel etc. Cando se dá algunha das anteriores causas o vicio non pode subsanarse e non é posíbel validar o acto por parte de calquera órgano.

actuacións (pistas, fontes etc.) a escasa distancia, e **sen calquera partida orzamentar** e, atendendo ao **artigo 30** da devandita Lei, **traería consigo a destitución dos responsábeis e a inhabilitación para cargo público entre cinco e dez anos.**

SEXTO.- O noso grupo, así como numerosos testemuñas oculares, poden dar testemuño de que moitas destas actuacións se desenvolveron durante a campaña electoral ou nas semanas previas e que concorren causas de **uso partidario e electoral das institucións.** Algúns exemplos:

- Empedrado praza de Santa Ana: 1.197,90€
- Restauración lavadoiro Lence en Requeixo: 786,50€
- Viloira (Requeixo): 2.274,80€
- Lavadoiro Sobreira: 302.50€
- Fonte de pedra en Vilanova (Laxe): 605€
- Muro de contención e lavadoiro en Xoanín (Laxe): 1,573€
- Obra en Riopedroso: 1.270.50€
- Santa Rosa (Sabadelle): 2.504,7€ (dúas empresas)
- Obra fonte Costoira: 3.696,55€
- Muro de pedra San Fiz: 7.707,70€
- Obra en Meixide (San Fiz): 1.687,95€
- Fonte A Sariña: 5,650,70€
- Lama das Quendas: 3.796,98€
- Accesos O Peto (Centulle): 1.343,10€
- Limpeza Cuqueira: 2.438,15€
- Accesos Camporramiro: 7.063,98€
- Barrio (Muradelle): 2.792,68€
- Casteda (Arcos): 1.849,97
- Directamente facturado como formigón 4.121,26€
- Destrozo de camiño histórico feito con pedras do río en Belesar e limítrofe dun peto das ánimas e do Camiño de inverno, constituíndo *per se* un atentado ao patrimonio: 5.726,45€³.

SÉPTIMO.- O noso grupo entende que **procede unha revisión das actuacións de oficio** e a adopción de medidas, como xa dixemos no Pleno, dando pé as responsabilidades inherentes. **O procedemento para esta revisión de oficio vén regulado polos artigos 39.1, 41 e 42 da LCSP e no 47.1.e) da Lei 39/2015, do 1 de outubro.**

3 Obsérvase a seguinte nova, do 10/05/2019:

https://www.lavozdegalicia.es/noticia/lemos/chantada/2019/05/11/asfaltado-camino-belesar-solicitado-proprios-vecinos/0003_201905M11C5991.htm

Entendemos, do mesmo xeito, que **debe elevarse proposta de resolución ao Consello Consultivo e ao Consello de Contas da Galiza**, xa que se trata dun feito moi grave, previa **declaración de nulidade do acordo**. Neste sentido, **cómpre lembrar o informe con data de 09/11/2016 do Consello Consultivo de Galiza**, que incidía na dilación daquel proceso por non xunguir o expediente de revisión de oficio á depuración de responsabilidades, tal e como exixía o noso grupo⁴. Naquel entón, a insuficiencia de crédito conduciu a que **o propio concello**, previas reclamacións da oposición, **recoñecía a irregularidade e que o acto era nulo de pleno dereito**.

Entre outros trechos salientábeis do informe do Consello Consultivo cómpre pór en destaca que «do informe emitido polo interventor (...) **clara contravención do disposto na lexislación mencionada en canto á consignación e carencia de crédito**, polo que se debe concluír que **concorre a causa de nulidade establecida no artigo 32 c) do TRLCSP**». Concretamente, a devandita disposición indica:

c) A carencia ou insuficiencia de crédito, de conformidade co establecido na Lei 47/2003, do 26 de novembro, xeral orzamentaria, ou nas normas orzamentarias das restantes administracións públicas suxeitas a esta lei, salvo os supostos de emerxencia.

Non consta xustificación da emerxencia no Expediente 1021/2019, nen en calquera documentación achegada ao Pleno.

Das conclusións do informe destacamos o seguinte: «no presente caso, a omisión do procedemento é recoñecida polo propio concello nun informe da secretaría, polo que **este Consello Consultivo estima que concorre a causa de nulidade invocada**».

Como apunta a doutrina do Consello de Estado **a Administración non pode partir de que un acto é nulo como fundamento para remediar un dano por ser ilegal, e pagar a factura, sen que precedera a declaración de tal nulidade e acordar a indemnización, polo que deberá tramitarse o correspondente procedemento de revisión de oficio**⁵.

Rematamos esta exposición lembrando o **artigo 188 do TRLRFL**:

Os ordenadores de gastos e de pagos, en todo caso, e os interventores das entidades locais, cando non advirtan por escrito a súa improcedencia, serán persoalmente responsábeis de todo gasto que autoricen e de toda obriga que recoñezan, liquiden ou paguen sen crédito suficiente.

O precepto anterior e outros análogos en materia de responsabilidade patrimonial como o 145.2 da *Lei 30/1992, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común* ou o *Real Decreto 429/1993, de 26 de marzo polo que se aproba o Regulamento de procedementos das Administracións Públicas* fan fincapé sobre a **necesidade de**

⁴ O informe íntegro do Consello Consultivo da Galiza pode consultarse na seguinte ligazón: <https://porchantada.files.wordpress.com/2016/12/ditame-consello-consultivo.pdf>

⁵ Véxase, por exemplo, o *Ditame 1724/2011*.

depurar todas e cada unha das responsabilidades envolvidas no presente proceso, pois a Facenda Local non debe asumir nin un euro que non lle corresponda.

OITAVO.- O artigo 229 da *Lei 5/1997, de 22 de xullo, reguladora da Administración Local da Galiza*, en consonancia co artigo 78 da *Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local (LBRL)* establece:

- 1.- Os membros das Corporacións Locais están suxeitos a responsabilidade civil e penal polos actos ou omisións realizados no exercicio do seu cargo. As responsabilidades exixiranse perante os Tribunais de xustiza competentes e tramitaranse polo procedemento ordinario aplicábel.
- 2.- Son responsábeis dos acordos das Corporacións Locais os membros das mesmas que os votasen favorablemente.
- 3.- As Corporacións Locais poderán exixir a responsabilidade dos seus membros cando por dolo ou culpa grave causaren danos e prexuízos á Corporación ou a terceiros, se estes tivesen que ser indemnizados por aquela.

En virtude do exposto até agora **SOLICITAMOS:**

1º) Que o Concello abra expediente de revisión de oficio dos expedientes para depurar todas responsabilidades asociadas á totalidade do proceso, de tal xeito que a Facenda local e a cidadanía non teña que asumir nin un euro que non lle corresponda e se aclare se existiron ou non indicios delitivos adoptando, se for o caso, as medidas que correspondan.

Na propia LCSP, a disposición adicional décimo novena do TRLCSP declara que a **infracción ou aplicación indebida dos preceptos contidos na presente Lei por parte do persoal ao servizo das Administracións Públicas, cando mediar ao menos negligencia grave, constituirá falta moi grave cuxa responsabilidade disciplinaria se esixirá conforme a normativa específica na materia. Por outro lado, a Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, establece que constitúe infracción moi grave en materia de xestión económico-orzamentar, os compromisos de gastos sen crédito suficiente para realizalos e sanciónao coa inhabilitación para ocupar cargo público durante un período de entre cinco e dez anos e a obriga de restituír as cantidades satisfeitas indebidamente.**

2º) Que se remita a totalidade da documentación asociada ao proceso ao Consello Consultivo e ao Consello de Contas de Galiza, como este grupo xa solicitou no seu día, e entregando copia dixital e física de todo o remitido á totalidade dos concelleiros da Corporación no mesmo día do seu envío. De modo especial, deberase solicitar que se pronuncien sobre o proceso, a responsabilidades

xurídicas e patrimoniais dos diversos actores involucrados no proceso e calquera outra cuestión que o Consello de Contas considere relevante para solventar o expediente e depurar responsabilidades.

3º) A declaración de nulidade do acordo do 03/10/2019, ou sexa, a nulidade da *Modificación de créditos 43/2019 baixo a modalidade de suplemento de crédito 05/2019* con cargo ao remanente de tesourería para gastos de exercicios pechados, por importe de 80.719,97 €

4º) Que se emitan informes xurídico desde a secretaría do Concello e desde a Intervención municipal valorando a totalidade dos aspectos presentes neste proceso, especialmente:

- procedemento para a declaración de nulidade e apertura de oficio de expediente de revisión e depuración de responsabilidades;
- lexislación vulnerada e procedemento e lexislación para a depuración de responsabilidades.

5º) Que para xa se paralice o proceso até o pronunciamento do Consello de Contas, remitindo tamén toda a documentación, incluída a presente alegación, á Fiscalía da Galiza para que se determinen se, á vista das probas documentais e de calquera antecedente ou nova pesquisa que desexen realizar, poden existir indicios de responsabilidades.

SUPLICO, que tendo por presentado este escrito, sexa admitido a trámite contra a aprobación da respectiva modificación de crédito na modalidade de suplemento de crédito, contra o pleno ordinario do 3/10/2019 e, no tocante aos asuntos expostos *ut supra* conforme os fundamentos de dereito expostos, se declare a nulidade de pleno dereito do acordado e se proceda a abrir de oficio un expediente de revisión e depuración de responsabilidades, elevando proposta de resolución ao Consello Consultivo e ao Consello de Contas da Galiza, pois a Facenda local non debe asumir nin un euro que non lle corresponda, así como as administracións públicas deben ser exemplares no cumprimento da lexislación vixente.

Chantada, 28 de outubro de 2019.

Antom Fente Parada, voceiro de **POR CHANTADA – CANDIDATURA DE UNIDADE POPULAR**.